

A materia Practicum, tal e como se indica na memoria de verificación do título, ten como prerequisites as materias Estadías clínicas IV, V, VII e VII, polo que se vostede non as supera, non poderá cursar a dita materia.

Ademais, este ano o Ministerio de Educación e Formación Profesional comunicou que para o curso 2022/2023 non se admitirán ampliacións nin anulacións na matrícula dos alumnos bolseiros cando estas queiranse realizar máis aló do 26 de decembro de 2022.

Tendo en conta o disposto nos parágrafos anteriores, unha vez finalizado o primeiro cuatrimestre do curso académico 2022/2023 pódense producir diversas situacións que poden afectar á súa matrícula, das cales lle informamos a continuación, para que tome unha decisión meditada sobre a matrícula que vaia a realizar no curso 2022/2023:

- 1) Se no curso 2022/2023 vostede **non solicitou a bolsa** do Ministerio de Educación e Formación Profesional e desexa cursar a materia Practicum, recomendámoslle que non se matricule inicialmente dela, xa que:
 - a) Se supera todos os prerequisites ao finalizar o primeiro cuatrimestre do curso académico 2022/2023, poderá ampliar a súa matrícula para incluír o Practicum (e, no seu caso, o TFG) antes do 23 de febreiro de 2023.
 - b) Se non supera todos os prerequisites ao finalizar o primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023, non terá que facer ningún cambio na súa matrícula.

Se a pesar destas recomendacións vostede decide matricularse inicialmente do Practicum, e ao finalizar o primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023 non supera todos os prerequisites, informámoslle de que non se poderá autorizar a eliminación da matrícula da dita materia nin, no caso de matricularse del, do TFG.

- 2) Se no curso 2022/2023 vostede **solicitou a bolsa** do Ministerio de Educación e Formación Profesional e desexa cursar a materia Practicum, debe decidir se quere ou non matricularse inicialmente dela, tendo en conta o seguinte:
 - a) Se se matricula inicialmente do Practicum, pode ocorrer que:
 - Supere todos os prerequisites ao finalizar o primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023. Neste caso non terá que facer ningún cambio na súa matrícula, podendo cursar a materia Practicum.
 - Non supere todos os prerequisites ao finalizar o primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023, suposto no que non poderá cursar a materia Practicum nin tampouco solicitar a eliminación de matrícula dela (nin, no caso de estar matriculado tamén del, do TFG), polo que, en función do número de créditos dos que se matriculou, é posible que posteriormente se lle esixa por parte do Ministerio a devolución dos importes da bolsa que se lle ingresaron para o curso 2022/2023 e, ademais, tamén é posible que non cumpra os requisitos para obter bolsa o curso seguinte.
 - b) Se non se matricula inicialmente do Practicum, pode ocorrer que:
 - Supere todos os prerequisites ao finalizar o primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023, suposto no que só poderá ampliar a súa matrícula e cursar a materia Practicum e, no seu caso, o TFG, se renuncia á bolsa (solicitada ou concedida). Debe ter en conta que a renuncia á bolsa suporá a devolución dos importes que se lle ingresaron e a obriga de aboar os prezos públicos correspondentes á súa matrícula.
 - Non supere todos os prerequisites ao finalizar o primeiro cuatrimestre do curso 2022/2023. Neste caso non terá que facer ningún cambio na súa matrícula.

